

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA VINTE E CATRO DE FEBREIRO DE 2011.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

D^a. María Rosa del Carmen Mariño López
D. Gabriel González Arias

Secretaria-Interventora:

D^a. Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:00 horas do día 24 de febreiro de 2011, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

Non asiste por causa xustificada a concelleira D^a. María Luisa Vázquez Vázquez.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES.

Por non ter asuntos que tratar neste punto da orde do día o Alcaldía sinala o paso ao tratamento dos asuntos do seguinte punto da orde do día.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO.

2.1.- ESCRITO OFICIAIS

2.1.1.- ESCRITO DE AUGAS DE GALICIA DENEGANDO AS OBRAS NO LUGAR DE SAAMIL PARROQUIA DE SENDELLE.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado polo organismo Augas de Galicia, rexistro de entrada n^o. 185 con data 14/02/2011 no que se comunica a denegación de autorización de obras de drenaxe dunha parcela e denegación do entubado dun regato innominada, no lugar de montes de Saamil, parroquia de Sendelle (Santa María), tramitado a instancia de Carmen Rial Barco.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.2.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS DA CONSELLERÍA DE FACENDA COMUNICANDO A PARTICIPACIÓN NO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL 2011.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Dirección Xeral de Orzamentos da Consellería de Facenda, rexistro de entrada n^o. 183 con data 14/02/2011 onde se comunica a participación deste Concello no Fondo de Cooperación Local 2011 con 197.118,73 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.3.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL COMUNICANDO O INICIO DE RESCINSION DE CATRO CONSORCIOS DE REPOBOACIÓN FORESTAL.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural no que se comunica o inicio dos trámites necesarios para a rescisión de catro consorcios para proceder á repoboación forestal de montes.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.4.-RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DE DENEGACIÓN DE SUBVENCIÓN OBRADOIRO DE EMPREGO “BOIMORTO SOCIAL”.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado polo Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, rexistro de entrada nº. 176 con data 10/02/2011 no que se notifica a resolución de denegación da subvención o proxecto de Obradoiro de Emprego “Boimorto Social”.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.5.- COMUNICACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SECCIÓN DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTES DE ABOAMENTO DE SUBVENCIÓN PARA INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO DE DEPORTE A CONCELLOS.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de educación, cultura e deportes, rexistro de entrada nº. 199 con data 16/02/2011 no que se comunica o aboamento de subvención para “Adecuación da instalación eléctrica e reparación da pista polideportiva do polideportivo municipal” cun importe de 14.298,96 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.6.- COMUNICACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SECCIÓN DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTES DE ABOAMENTO DE SUBVENCIÓN PARA INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO DE CULTURA A CONCELLOS.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de educación, cultura e deportes, rexistro de entrada nº. 198 con data 16/02/2011 no que se comunica o aboamento de subvención para “Mellora dos equipamentos e infraestructuras culturais nos locais sociais de Arceo, Boimil, Buazo e Corneda” cun importe de 17.992,04 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.7.- COMUNICACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SECCIÓN DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTES DE ABOAMENTO DE SUBVENCIÓN PARA MANTEMENTO E ACTIVIDADE XERAL DE SERVIZOS SOCIAIS A CONCELLOS.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de servizos sociais, rexistro de entrada nº. 233 con data 23/02/2011 no que se comunica o aboamento de subvención para “Proxecto de participación social da infancia e adolescencia” cun importe de 7.178,74 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.8.- COMUNICACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DE ABOAMENTO DE SUBVENCIÓN PARA INFRAESTRUTURA E EQUIPAMENTO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA A CONCELLOS.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de promoción económica, rexistro de entrada nº. 197 con data 16/02/2011 no que se comunica o aboamento de subvención para “Execución dun parque infantil e substitución de alumeado público no Campo da Feira” cun importe de 11.996,55 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.9.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DE APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN CAMPAÑA SOCORRISMO ANUALIDADE 2010.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de promoción económica, rexistro de entrada nº. 234 con data 23/02/2011 no que se comunica a aprobación da xustificación da campaña “Socorrismo anualidade 2010” e a incoación do reintegro de 343,64 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.10.- CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA FINANCIACIÓN DO EQUIPAMENTO DA MINIRRESIDENCIA.

Pola Secretaria dase conta do convenio enviado pola Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada nº. 164 con data 09/02/2011 no que se acorda establecer as bases de colaboración para financiamento do equipamento da minirresidencia de Boimorto financiando a achega máxima de 125.000,00 euros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.11.- COMUNICACIÓN DE NOVACAIXAGALICIA DE FUSIÓN MERCANTIL.

Pola Secretaria dase conta do convenio enviado por NovaCaixaGalicia no que se comunica a fusión mercantil das entidades Caja de Ahorro de Galicia y Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra, Caixanova resultando da fusión Caixa de Aforros de Galicia, Vigo, Ourense e Pontevedra con CIF G70270293 e dirección en R/ Nueva, 30-32 15003 A Coruña.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓN.

3.1.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 27/2011

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 127, con data 29/01/2011, presentada por Dña. María Consuelo Sánchez Labandeira, con domicilio a efectos de notificación na rúa C. TTE. Gral Gomez Zamalloa 9 P03 D 15005 A Coruña, deste termo municipal, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 24 do lugar de Boavista parroquia de Dorneá, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a Dña. María Consuelo Sánchez Labandeira, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 24 do lugar de Boavista parroquia de Dorneá, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.2.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 28/2011

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 128, con data 29/01/2011, presentada por D. Fernando Manuel Sánchez Labandeira, con domicilio a efectos de notificación en lugar Boavista, 24 parroquia de Dorneá, deste termo municipal, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 2 do lugar de Cruceiro parroquia de Dorneá, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Fernando Manuel Sánchez Labandeira, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 2 do lugar de Cruceiro parroquia de Dorneá, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.3.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 29/2011

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 143, con data 03/02/2011, presentada por Dna. Maria Manuela Aguión Garea, con domicilio a efectos de notificación en lugar Corredoira, 7 parroquia de Arceo, deste termo municipal, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 7 do lugar de Corredoira parroquia de Arceo, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a Dna. Maria Manuela Aguión Garea, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 7 do lugar de Corredoira parroquia de Arceo, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.4.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 30/2011

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 150, con data 05/02/2011, presentada por D. Juan Ángel Tato López, con domicilio a efectos de notificación en lugar Carballeira, 5 parroquia de Arceo, deste termo municipal, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 5 do lugar de Carballeira parroquia de Arceo, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Juan Angel Tato López, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 5 do lugar de Carballeira parroquia de Arceo, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.5.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 31/2011

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 168, con data 09/02/2011, presentada por D. José Felpete Andrade, con domicilio a efectos de notificación en lugar Carballeira, 3 parroquia de Arceo, deste termo municipal, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 3 do lugar de Carballeira parroquia de Arceo, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Jose Felpete Andrade, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 3 do lugar de Carballeira parroquia de Arceo, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.6.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 32/2011

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 241, con data 23/02/2011, presentada por Dna. María Esther Gómez Regueiro, con domicilio a efectos de notificación en lugar Cruceiro, 7 parroquia de Dorneá, deste termo municipal, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 7 do lugar de Cruceiro parroquia de Dorneá, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a Dna. Maria Esther Gómez Regueiro, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 7 do lugar de Cruceiro parroquia de Dorneá, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.7.- SOLICITUDE DE NON CAUSAR BAIXA DO SUMINISTRO REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA.

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 174, con data 10/02/2011, presentada por D. Luis Vázquez Taboada, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Coto Salgueiro, 2 Ánxeles, pertencente a este termo municipal, na que solicita cambio de titularidade de José Antonio Mosteiro Fandiño e non cause baixa o suministro de abastecemento de auga da vivenda sita no lugar de Coto Salgueiro 2 parroquia de Ánxeles, pertencente a este termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocu-

pación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder a D. Luis Vázquez Taboada o cambio de titularidade do suministro de abastecemento de auga da vivenda sita no lugar de Coto Salgueiro, 4 parroquia de Ánxeles, pertencente a este termo municipal.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.8.- AUTORIZACIÓN USO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL SOLICITADO A INSTANCIA DA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES OUTLET DE GALICIA - ACADGA.

Vista a solicitude de Generoso Antonio Domínguez Domínguez en representación da Asociación de comerciantes outlet de Galicia - ACADGA con CIF G 27742221, con nº rexistro de entrada 167 con data 09/02/2011, na que solicita autorización para utilizar o polideportivo municipal, no período de tempo comprendido entre os días 22 e 29 de marzo de 2011 do presente ano, para realización dunha feira de comerciantes autónomos outlet de Galicia.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar a utilización do polideportivo municipal á Asociación de comerciantes outlet de Galicia - ACADGA con CIF G 27742221 para realización dunha feira de comerciantes autónomos outlet de Galicia.

SEGUNDO.- Conceder a exención do pagamento da taxa por utilización do polideportivo municipal segundo o artigo 5 f) da Ordenanza fiscal nº10, reguladora da taxa por utilización do polideportivo municipal, por tratarse dunha actividade cultural promovida por unha entidade sen fins de lucro.

TERCEIRO.-Notificar o presente acordo ao interesado, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

3.9.- INFORME FAVORABLE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDEANDO A REMISIÓN A MEDIO AMBIENTE DO EXPEDIENTE DE ACTIVIDADE SOMETIDA A AVALIACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL PROMOVIDO POR DON JOSÉ SÁNCHEZ GARCÍA, EN REPRESENTACIÓN DA SOCIEDADE AGROCIOCENDE, S.C.

Examinado o expediente promovido por D. José Sánchez García, en representación da sociedade Agrociocende, en virtude da instancia número 1336 de data 8 de outubro de 2010, solicitando licenza municipal para a instalación, apertura e funcionamento de nave para explotación de polos en Fonte Fraga-Mercurín, actividade sometida a avaliación de incidencia ambiental, aprobado por Decreto 133/2008, do 12 de xuño.

Resultando que o proxecto técnico presentado inicialmente foi completado con "Anexo a Proxecto: de nave para explotación de pollos" con rexistro de entrada no Concello 1590 de data 07/12/2010; e resultando, que se cumpriron os trámites de información pública durante o prazo de vinte días hábiles, mediante edicto inserido no taboleiro de anuncios do Concello, no BOP

núm. 242 do 22/12/2010 e no DOG núm. 6 do 11/01/2011 e notificación aos veciños inmediatos e incorporando os informes dos servizos técnicos municipais asinados por don Ángel Delgado Cid de datas 14 de febreiro de 2011 e 9 de decembro de 2010 sobre incidencia ambiental e compatibilidade da actividade.

Considerando, que o proxecto técnico e o anexo que o complementa reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe en extensión e detalle as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ao medio ambiente.

Considerando, que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Boimorto segundo informe técnico de data 09/12/2010 asinado pola arquitecta dona Marta Correa Bescansa non estando en contradición co disposto nos acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, que se respetan as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Visto o Decreto 133/2008, do 12 de xuño, en particular o artigo 9.1, e demais Disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- D. José Sánchez García, en representación da sociedade Agrociocende, en virtude da instancia número 1336 de data 8 de outubro de 2010, solicitando licenza municipal para a instalación, apertura e funcionamento de nave para explotación de polos en Fonte Fraga-Mercurín, actividade sometida a avaliación de incidencia ambiental, aprobado por Decreto 133/2008, do 12 de xuño.

SEGUNDO.- Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, para os efectos previstos no artigo 10 do referido Decreto.

3.10.- AUTORIZACIÓN Á ASOCIACIÓN DE TEMPO LIBRE ASDE SCOUTS DE GALICIA PARA USO DO REFUXIO DE CAZADORES DE SENDELLE.

Vista a solicitude presentada con entrada neste Concello 231 en data 23 de febreiro de 2011, na que D^a. Avia González Veira en representación do Grupo Scout San Jorge nº 33 pertencente a asociación de tempo libre ASDE Scouts de Galicia con CIF 36630549, solicita que durante os días 5, 6 e 7 de marzo se autorice unha acampada nas inmediacións do refuxio de cazadores de Sendelle e utilizar dito refuxio para pernoctar.

Considerando que a parcela do refuxio e ben de natureza patrimonial titularidade municipal, tendo en conta as advertencias legais manifestadas verbalmente pola Secretaria en relación o necesario cumprimento e respecto do establecido no Real Decreto 143/2006, de 27 de xullo, polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo en Galicia, advertencias sinaladas sobre requisitos de acampadas libres e intinerantes.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Autorizar a ASDE Scouts de Galicia con CIF 36630549 para a realización de acampada nas inmediacións do refuxio de cazadores de Sendelle utilizando dito refuxio para pernoctar nos días 5, 6 e 7 de marzo de 2011 sometendo a autorización o cumprimento da normativa aplicable en materia de acampadas de turismo en Galicia así como o respecto da parcela e o uso da mesma deixando nas mesmas condicións de como se atope.

SEGUNDO.- Notificar este acordo o interesado.

3.11.- LICENZA PARA AUTORIZACIÓN DO USO DAS INSTALACIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE BOIMORTO.

Pola secretaria dáse lectura ao escrito presentado por D. Xesús Lois Mariño López, en calidade de secretario da Asociación deportiva, gastronómica, cultural e ambiental RÁPIDO DE DORMEÁ, con número de rexistro de entrada neste Concello 156 con data 07/02/2011, no que

solicita autorización para utilizar as instalacións deportivas pertencentes ao campo municipal de fútbol o día 6 de agosto de 2011.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

ÚNICO.- Solicitar a conformidade do equipo de fútbol previamente á autorización.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.1. URBANISMO

4.1.1.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 7/2011) PARA SUBSTITUCIÓN DA CUBERTA DE TELLA E CANALÓN NA VIVENDA SITA NO NÚMERO 15 DO LUGAR DE PIÑEIRO, PARROQUIA DE SENDELLE, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. JESÚS CASAL MATO.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obras, tramitado a instancia de D. Jesús Casal Mato, con DNI núm. 76503468V, e con domicilio para os efectos de notificación no lugar de Piñeiro núm. 15, parroquia de Sendelle, Boimorto, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 1327 de data 06/10/2010 para a substitución da cuberta de tella e canalón na vivenda sita no lugar de Piñeiro núm. 15, parroquia de Sendelle (solo de núcleo rural) segundo valoración presentada.

Tramitada polo interesado solicitude de autorización do Organismo Augas de Galicia (expediente DH.W15.28452) e incorporado ao expediente informe emitido polo enxeñeiro técnico do Servizo Territorial Zona Galicia-Centro de Augas de Galicia en data 24/01/2011, no que informa que despois da visita realizada constatase que as obras sitúanse fora da zona de policía, e polo tanto non precisan autorización deste organismo.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D^a. Marta Correa Bescansa, arquitecta, con data 11/10/2010 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo.

A Xunta de Goberno Local **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. Jesús Casal Mato, con DNI nº 76503468V (LO 7/2011), para a substitución da cuberta de tella e canalón na vivenda sita no lugar de Piñeiro núm. 15, parroquia de Sendelle (solo de núcleo rural) segundo valoración presentada.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.

- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.

- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra: **11.880,00 euros.**

Liquidación 2%: **237,60 €**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Jesús Casal Mato, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.2.- SOLICITUDE DESESTIMENTO LICENZA DE OBRAS PARA MELLORA E AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN VACUNA EN BRATES

Visto o escrito presentado por D. Manuel Garea Cabo, como representante legal de Gandería Bertomil, S.C., con rexistro de entrada número 243 en data 23/02/2011, solicitando o desesti-

mento da solicitude de licenza de obra para mellora e ampliación de explotación vacuna en Brates (Boimorto).

Visto o artigo 90 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, no que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando isto non esté prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos, e o artigo 91.1 do citado texto legal di que o desestimento ou renuncia pódese facer por calquer medio que permita a súa constancia, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aceptar o desestimento da solicitude de licenza de obras presentado por D. Manuel Garea Cabo, como representante legal de Gandería Bertomil, S.C. para mellora e ampliación de explotación vacuna en Brates (Boimorto) e declarar concluído o procedemento, procedendo ao seu arquivo.

SEGUNDO.- Devolver un exemplar do proxecto técnico acompañado no seu día á solicitude de licenza de obra, xa que un debe quedar nas dependencias municipais.

TERCEIRO.- Notificar este acordo ao interesado.

4.1.3.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 8/2011) PARA RECONSTRUCCIÓN DE MURO DE CERRAMENTO DE PARCELA SITUADA NO NÚMERO 10 DE ESTRADA DA MOTA, EXPEDIENTE TRAMITADO A INSTANCIA DE D. JESÚS FILLOY CARAMÉS.

Visto o procedemento tramitado a instancia de D. Jesús Filloy Caramés, con enderezo no número 10 da rúa Estrada da Mota Boimorto, provisto do DNI nº 35180565-H, para reconstrución do muro de cerramento de parcela na que está situada a vivenda rúa Estrada da Mota nº 10, en virtude da solicitude con nº de rexistro de entrada 1652 en data 22/12/2010, completada a documentación por requerimento en informe técnico con solicitude con nº de rexistro de entrada neste Concello 120 en data 28/01/2011, tendo en conta que se trata dunha reconstrución dun muro fora de ordenación normal en solo urbano ordenanza edificación extensiva.

Vistos os informes favorables ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid con data 31/01/2011 que consta no expediente, informando favorablemente a concesión de licenza de obra.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. Jesús Filloy Caramés, con enderezo no número 10 da rúa Estrada da Mota Boimorto, provisto do DNI nº 35180565-H, para reconstrución do muro de cerramento de parcela na que está situada a vivenda rúa Estrada da Mota nº 10, conforme proxecto redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Carlos Filloy Balseiros 19.274, xunto con subsanación de documentación de data 28/01/2011 nº de rexistro 120 na rúa Estrada da Mota nº 10 Boimorto en solo urbano con ordenanza de edificación extensiva, cun orzamento de execución de 1.401,13 €.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

.- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- Conforme ó proxecto presentado as obras deberán comezarse no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

.- As obras de reconstrución do muro de cerramento realizarase da seguinte maneira: Seis fiadas de bloque de formigón de 40x20 cm e 15 cm de altura, acabado cara vista tipo split cor crema, cunha altura total de 1,20 m. Sobre a fiada superior colocarse a modo de remate plaqueta de 40x17 cm e 5 cm de altura, co mesmo acabado que a cara vista do bloque. Por riba, colocarse balaustrada composta por pilares prefabricados de 10x10 cm e 60 cm de altura, co mesmo aca-

bado xa descrito. A balaustrada rematarase cunha albardilla de formigón prefabricado, no mesmo cor do conxunto, a base de pezas de 20x26 cm e 6,5 cm de altura. A altura total do cerramento alcanzará 1,94 m.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra: **1.401,13 €.**

Liquidación 2%: **28,02 €**

CUARTO.- Notificar o presente acordo ó interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.4.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 9/2011) PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR NA RÚA CAMPO DA IGREXA DO NÚCLEO URBANO DE BOIMORTO, EXPEDIENTE TRAMITADO A INSTANCIA DE D. RICARDO MONTERROSO MACEIRAS E D^a. MARÍA TERESA VEIGA MEJUTO.

Visto o procedemento tramitado a instancia de D. Ricardo Monterroso Maceiras e D^a. María Teresa Veiga Mejuto, veciños de A Coruña con domicilio en rúa Alcalde Lens 12-2º B provisto do DNI nº 32417755Z e 76514995K respectivamente, con rexistro de entrada no concello nº 1404 de data 25/10/2010 para construción de vivenda unifamiliar no lugar de Tarreo de Adentro, Gándara, rúa Campo da Igrexa núcleo urbano de Boimorto (solo urbano ordenanza de edificación extensiva) conforme ó proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto D. Manuel Varela Caabeiro Colexiado nº 2117 e visado polo COAG en data 30/09/2010.

Con data 22/12/2010 o técnico urbanístico municipal emitiu informe sinalando unha serie de observacións polo que o 7/02/2011, rexistro de entrada 151 por D. Ricardo Monterroso Maceiras presenta documentación relativa a correccións solicitadas polos servizos técnicos municipais.

Vistos os informes favorables ao outorgamento de licenza urbanística de obra maior do servizo técnico municipal asinado por dona Marta Correa Bescansa con data 10/02/2011 que consta no expediente e informe da secretaria municipal de data 24/02/2011 informando favorablemente a concesión de licenza de obra.

A Xunta de Goberno Local **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior a D. Ricardo Monterroso Maceiras e a D^a. María Teresa Veiga Mejuto, veciño de A Coruña con domicilio en rúa Alcalde Lens 12-2º B provisto do DNI nº 32417755Z e 76514995K respectivamente, con rexistro de entrada no concello nº 1404 de data 25/10/2010 para construción de vivenda unifamiliar no lugar de Tarreo de Adentro, Gándara, rúa Campo da Igrexa núcleo urbano de Boimorto (solo urbano ordenanza de edificación extensiva) conforme ó proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto D. Manuel Varela Caabeiro Colexiado nº 2117 e visado polo COAG en data 30/09/2010 e documentación complementaria visada polo COAG o 20/01/2011, cun orzamento de execución material de 77.000,00 euros.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

.- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- Sen prexuízo de doutras autorizacións sectoriais.

.- Cumprirse na distribución da cociña o sinalado no apartado I.A.3.2.2.1.c) das normas do habitat de Galicia (D 29/2010) relativo ao paso libre mínimo de 0,9 m entre mesado e aparato enfrontados, posto que ao cambiarse a localización da neveira para non interferir na iluminación e ventilación da cociña, esta non deixa este espazo mínimo.

.- As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (art. 197.1 da Lei 9/2002).

.- Conforme ao proxecto presentado as obras non poderan iniciarse ata a elevación a escritura pública e inscrición no Rexistro da Propiedade da cesión de viais a favor do Concello, superficie obxecto de cesión dos que serán cedidos no vial da rúa Campo da Igrexa (Boimorto) de 38 m² cunha lonxitude de fachada de 19 m e un ancho de 2 m.

.- En garantía das obras de urbanización en aplicación do artigo 97 do PXOM establécese unha fianza de garantía por importe de **1.669,76 euros** en favor do Concello, sendo este o valor das obras de urbanización necesarias que consisten en construción de beirarrúa de 19 m de largo e 1,8 m de ancho. Estas obras de urbanización realizaranse previa ou simultaneamente á construción.

.- Necesaria obtención de licenza de primeira ocupación que se solicitaría presentando certificado final de obra do técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada, e solicitude de previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais en aplicación do artigo 195 da LOUGA para a obtención de licenza de primeira ocupación.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 77.000,00 Euros.

Liquidación 2%: **1.540,00 €**

CUARTO.- Notificar o presente acordo aos interesados indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.5.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 10/2011) PARA REFORMA DE PLANTA BAIXA E FACHADAS EN VIVENDA UNIFAMILIAR (PB+1), SITA NO NÚMERO 6 DO LUGAR DE AREAS, PARROQUIA DE ANDABAO, EXPEDIENTE TRAMITADO A INSTANCIA DE D. CARLOS RODRÍGUEZ VARELA E Dº. TERESA SEOANE VÁZQUEZ.

Visto o procedemento tramitado a instancia de D. Carlos Rodríguez Balado e Dª. Teresa Seoane Vázquez, veciños de Fene con domicilio en San Valentín Avenida del Mar nº 11 4º dereita provisto do DNI nº 76446149Z e 33158913C respectivamente, con rexistro de entrada no concello nº 129 de data 31/01/2011 para a realización das obras de reforma de planta baixa e fachadas en vivenda unifamiliar (PB+1), sita no número 6 do lugar de Areas, parroquia de Andabao (solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso) conforme ó proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto D. Jesús Atilano Cabado López Colexiado nº 1928 e visado polo COAG en data 13/01/2011.

Vistos os informes favorables ao outorgamento de licenza urbanística de obra maior do servizo técnico municipal asinado por don Angel Delgado Cid con data 26/01/2011 que consta no expediente e informe da secretaria municipal de data 24/02/2011 informando favorablemente a concesión de licenza de obra.

A Xunta de Goberno Local **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior a D. Carlos Rodríguez Balado e Dª. Teresa Seoane Vázquez, veciños de Fene con domicilio en San Valentín Avenida del Mar nº 11 4º dereita provisto do DNI nº 76446149Z e 33158913C respectivamente, con rexistro de entrada no concello nº 129 de data 31/01/2011 para a realización das obras de reforma de planta baixa e fachadas en vivenda unifamiliar (PB+1), sita no número 6 do lugar de Areas, parroquia de Andabao (solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario dis-

perso) conforme ó proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto D. Jesús Atilano Cabado López colexiado nº 1928 e visado polo COAG en data 13/01/2011, cun orzamento de execución material de 12.079,70 €uros.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

.- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- Sen prexuízo de doutras autorizacións sectoriais.

.- As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (art. 197.1 da Lei 9/2002).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 12.079,70 €uros.

Liquidación 2%: **241,59 €**

CUARTO.- Notificar o presente acordo aos interesados indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.2.- OBRAS E SERVIZOS

4.2.1.- ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA OBRA "SANEAMENTO EN ROMELAS (MERCURÍN)" COPNSP 1/2011

Visto o expediente de procedemento negociado tramitado en relación coa incluída na terceira fase da anualidade 2010 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011 da Excma. Deputación Provincial, denominada "Saneamento en Romelas (Mercurín).

Iniciado e aprobado dito expediente en acordo da Xunta de Goberno Local de data 27/01/2011, constando no expediente informe de data 27/01/2011 de existencia de crédito da secretaria interventora en relación á partida do orzamento municipal para a anualidade 2011 16.629

Remitidas invitacións para participar a: Antonio Filloy, S.A. CIF A-36.016.665; Construcciones González y González, S.L. con CIF nº B-15.165.004 e Construcciones Rocha Corral, S.L., B-15.338.338.

Visto o certificado de presentación de ofertas asinado pola Secretaria en data 24/02/2011 que se reproduce literalmente:

<<REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ, SECFRETARIA INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)
CERTIFICO:

Que en cumprimento do acordo adoptado en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada en data 27/01/2011 remitidas invitacións para a súa participación no procedemento negociado sen publicidade de contratación da obra de "Saneamento en Romelas (Mercurín)" e outorgado un prazo de oito días naturais para a presentación de ofertas polas tres empresas invitadas na data de hoxe presentanse por rexistro de entrada neste Concello:

.- Antonio Filloy, S.A. (con CIF A-36016665) presenta:

Sobre A con entrada nº 206 en data 18/02/2011

Sobre B con entrada nº 207 en data 18/02/2011

Sobre C con entrada nº 208 en data 18/02/2011

.- Construcciones González y González, S.L. (con CIF B-15165004) presenta:

Sobre A con entrada nº 217 en data 21/02/2011

Sobre B con entrada nº 218 en data 21/02/2011

Sobre C con entrada nº 219 en data 21/02/2011

.- Construcciones Rocha Corral, S.L. con CIF B-15338338 presentou no Concello de Boimorto en data 18/02/2011 escrito con rexistro de entrada nº 210 no que comunica que non están interesados en presentar oferta en contestación á invitación do Concello.

E para que conste no expediente expido a presente certificación de orde e co visto e prace do Alcalde

En Boimorto, vinte e catro de febreiro de 2011

Vº Prace

O Alcalde:

A Secretaria:

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>

Pola secretaria procédese a apertura dos sobres A presentados polas empresas Antonio Filloy, S.A. e Construcciones González y González, S.L. sobre relacionados coa acreditación de capacidade quedando acreditada a capacidade e solvencia de ambas segundo a documentación aportada e os pregos que rexen a presente licitación.

Continúa a secretaria coa apertura dos sobres B: onde se recolle a documentación requerida nos pregos que se valora con informe técnico que se transcribe literalmente:

Seguido aperturanse os sobres C que conteñen as ofertas económicas comprobando que ningún licitador realiza baixa en relación co prezo de licitación quedando o importe de adxudicación en 101.771,58 € iva incluído.

Total puntuación Antonio Filloy, S.A. = 16,50 puntos.

Total puntuación C. González y González, S.L. = 34 puntos.

Vistos os criterios de adxudicación recollidos nos pregos que rexen a presente contratación aprobados pola Deputación e declarados de aplicación á presente contratación por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 27/01/2011, vista a valoración que consta en informe técnico de data 24/02/2011 asinado por D^a. María Arufe Noya da empresa Cerne Ingeniería, S.A. adxudicataria do servizo de asistencia técnico urbanística neste Concello. A Xunta de

Goberno Local por unanimidade **ACORDOU** en uso das facultades delegadas en materia de contratación pola Alcaldía Presidencia:

PRIMEIRA.- Declarar como oferta economicamente máis ventaxosa a presentada por Construcciones González y González, S.L., na contratación da obra "Saneariamiento en Romelas (parroquia de Mercurín)" a executar segundo proxecto de obra redactado por D. Ángel Delgado Cid colexiado nº 4.567, polo prezo de adxudicación de 101.771,58 € iva incluído, obra a executar segundo oferta en tres meses.

SEGUNDO.- Requerir a Construcciones González y González, S.L. para que no prazo de dez días hábiles dende a recepción de requerimento presente documentación xustificativa de constitución da garantía definitiva por importe de 4.312,35 € (5% **importe adxudicación sen iva**) así como acreditación de estar o corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social advertíndolle que a non presentación levaría a entender a retirada da súa oferta.

4.2.2.- INCOACIÓN E APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA OBRA "MELLORA DO DRENAXE E CESPEDADE DO CAMPO DE FÚTBOL FRANCISCO JAVIER ALVAREZ MARISTANY DE BOIMORTO" COPNSP 3/2011)

Visto o expediente relacionado coa obra subvencionada pola Excm. Diputación Provincial da Coruña no marco do Convenio polo que se outorga unha subvención directa nominativa para a execución da obra de "Mellora do drenaxe e céspede do campo de fútbol Francisco Javier Álvarez Maristany de Boimorto".

